

Referencia:	2022/12370G
Procedemento:	Expediente de aprobación do Orzamento Xeral da DPO. Exercicio 2023
INTERVENCIÓN (5924)	



**MEMORIA
DPO**

ORZAMENTO

EXERCICIO 2023

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	4
1.1.	MOTIVACIÓN.....	4
1.2.	NORMATIVA APLICABLE.....	5
2.	O ORZAMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2023.....	6
2.1.	CONTIDO.....	6
2.2.	CONTÍA DO ORZAMENTO.....	9
2.3.	ESTADO DE GASTOS.....	10
2.4.	PROGRAMAS DE GASTO.....	16
2.5.	ESTADO DE INGRESOS.....	20
3.	MODIFICACIÓNS EN RELACIÓ N CO ORZAMENTO VIXENTE.....	24
3.1.	ESTADO DE GASTOS.....	24
3.2.	ESTADO DE INGRESOS.....	29
3.3.	BASES DE EXECUCIÓ N.....	33

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MOTIVACIÓN

De acordo coa definición dada polo artigo 162 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL en diante), os orzamentos xerais das Entidades Locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente.

Así, de conformidade co artigo 164 do dito texto legal, as Entidades Locais elaborarán e aprobarán anualmente un orzamento xeral no que se integrarán o orzamento da propia entidade e os dos organismos autónomos dependentes desta, así como os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade.

En relación co orzamento da entidade, este será formado polo presidente e a el haberá de unirse a documentación á que fai mención o artigo 168 do TRLRFL, entre a cal se encontra a memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.

Deste modo, para os efectos de dar cumprimento ao precepto referido no parágrafo anterior, emítase a presente **Memoria do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023**.

1.2. NORMATIVA APLICABLE

A normativa aplicable esta constituída basicamente pola lexislación seguinte:

- TRLRFL.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (RD 500/1990 en diante).
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, en diante).
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF en diante).

2. O ORZAMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2023

2.1. CONTIDO

De conformidade co artigo 165.1 do TRLRFL, o Orzamento Xeral conterá, para cada un dos orzamentos que nel se integren:

- a. Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- b. Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas dos previstos para o orzamento.

Ademais dos contidos anteriores, e de conformidade co artigo 166 do TRLRFL, deberán acompañarse ao Orzamento Xeral os anexos seguintes:

- Os plans e programas de investimento e financiamento, referidos a un horizonte temporal de catro anos.
- Os programas anuais de actuación, investimentos e financiamento das sociedades mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou participe maioritario a entidade local.

- O estado de consolidación do orzamento da propia entidade co de todos os orzamentos e estados de previsión dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís.
- O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

Sen prexuízo do contido anterior, de conformidade co artigo 168.1, ao orzamento da entidade local deberán unirse os documentos seguintes:

- A memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co orzamento vixente.
- A liquidación do orzamento do exercicio anterior e o avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente.
- O anexo de persoal da Entidade Local.
- O anexo dos investimentos para realizar no exercicio.
- O anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local.
- O anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pagamento e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o Orzamento Xeral e das obrigas pendentes de pagamento e dereitos económicos pendentes de cobranza, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a

que os devanditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da LBRL).

- Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

A documentación referida nos parágrafos anteriores forma parte do contido do Orzamento da entidade para o exercicio 2023, a excepción do anexo de beneficios fiscais, ao non constar concedidos beneficios fiscais en relación cos tributos da entidade, e do anexo dos convenios en materia social coa Comunidade Autónoma, ao non existir convenios na dita materia que impliquen cofinanciamento por parte da Administración Autonómica.

2.2. CONTÍA DO ORZAMENTO

O **importe do orzamento da entidade para o exercicio 2023**, tanto do estado de gastos, como do estado de ingresos, ascende á cantidade total de **90.970.000,00 €**, o que supón un incremento de 5.270.000,00 € en termos absolutos, e do 6,15% en termos relativos, respecto do orzamento do exercicio anterior, debido principalmente a un incremento dos recursos previstos procedentes da participación da entidade nos tributos do Estado, así como un incremento previsto no gasto corrente, motivado basicamente este último pola alza dos prezos das subministracións e da previsible suba nas retribucións dos empregados públicos, segundo se recolle na táboa seguinte:

Orzamento 2023	Orzamento 2022	Variación €	Variación %
90.970.000,00 €	85.700.000,00 €	5.270.000,00 €	+6,15%


Así pois, o orzamento da entidade presenta inicialmente unha situación de equilibrio entre o estado de ingresos e o estado de gastos.

2.3. ESTADO DE GASTOS

O **estado de gastos** do Orzamento da DPO para o exercicio 2023 ascende a un importe global de **90.970.000,00 €**, o cal se distribúe nos capítulos seguintes:

Capítulo	Exercicio 2023
I. Gastos de persoal	35.291.531,98 €
II. Gastos correntes en bens e servizos	23.010.727,34 €
III. Gastos financeiros	329.750,00 €
IV. Transferencias correntes	14.084.262,03 €
V. Fondo de continxencia	300.000,00 €
VI. Investimentos reais	11.622.137,61 €
VII. Transferencias de capital	5.329.390,64 €
VIII. Activos financeiros	300.000,00 €
IX. Pasivos financeiros	702.200,40 €
Total	90.970.000,00 €

ESTADO DE GASTOS



▪ Capítulo I. Gastos de persoal

O **capítulo I** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos de persoal da entidade.

As remuneracións do persoal axústanse á estrutura prevista no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No tocante ás retribucións complementarias fixadas, estas axústanse á Relación de Postos de Traballo da entidade.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 35.291.531,98 €, o que representa un 38,79% con respecto ao importe total dos gastos.

▪ **Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos**

O **capítulo II** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos correntes en bens e servizos necesarios para o funcionamento da entidade, así como para facer fronte ás indemnizacións por razón de servizo a favor do persoal, así como dos deputados e deputadas sen dedicación pola súa asistencia aos órganos corporativos.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 23.010.727,34 €, o que representa un 25,29% con respecto ao importe total dos gastos.

▪ **Capítulo III. Gastos financeiros**

O **capítulo III** do estado de gastos recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas relativas aos gastos financeiros da entidade, os cales engloban os xuros do único préstamo vivo da entidade, os xuros relativos aos avais e fianzas, así como as comisións bancarias e similares.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 329.750,00 €, o que representa un 0,36% con respecto ao importe total dos gastos.

▪ **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O **capítulo IV** recolle as consignacións necesarias para facer fronte as obrigas derivadas da actividade subvencional da entidade en materia de gasto corrente.

En concreto, recóllense as consignacións orzamentarias relativas ás transferencias correntes e subvencións que pola súa natureza se entenden imprescindibles para o funcionamento doutros servizos ou entidades do Sector Público Local, como son as transferencias correntes ao INORDE, ao Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contra incendios e de salvamento e ao Consorcio de Augas de Valdeorras.

Así mesmo, recóllense as transferencias e subvencións a favor doutras Entidades Locais, dentro dos liñas de cooperación, incluíndo programas de limpeza viaria, empregabilidade ou mocidade, entre outras, que benefician a todos os concellos da provincia, así como a favor de entidades educativas, como son a UNED ou a Universidade de Vigo.

Pola súa banda, mantéñense os concursos de subvencións para atencións benéficas e sociais, de acción social, para entidades deportivas, escénicas e musicais, deportistas cualificados, eventos deportivos e Copas Deputación, pola ampla participación que se obtivo nestes anos nestas liñas.

Inclúense así mesmo, as participacións directas da Deputación nas fundacións culturais das que forma parte, como son a Fundación Otero Pedraio, Fundación Eduardo Blanco Amor, Fundación Carlos Casares, Fundación Vicente Risco, Fundación Curros Enríquez ou Fundación Sotelo Blanco.

Ademais, séguese apostando desde esta institución provincial pola promoción da cultura, especialmente do teatro, coa subvención a favor de Sarabela Teatro, e o apoio ao FITO e á MITEU, pola importancia destes espectáculos no panorama cultural, así como pola Ínsua dos Poetas, como lugar de espallamento da cultura galega.

Así, o importe total consignado neste capítulo ascende a 14.084.262,03 €, o que representa un 15,48% con respecto ao importe total dos gastos.

▪ **Capítulo V. Fondo de continxencia**

O **capítulo V** recolle a consignación do Fondo de Continxencia, destinado á atención de necesidades imprevistas, inaprazables e non discrecionais, para as que non exista crédito orzamentario ou o previsto resulte insuficiente, cumprindo así a obriga legal introducida polo artigo 31 da LOEPSF.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 300.000,00 €, o que representa un 0,33% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Capítulo VI. Inversións reais**

O **capítulo VI** recolle as consignacións necesarias para facer fronte as obrigas derivadas dos investimento que se prevén realizar pola entidade.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 11.622.137,61 €, o que representa un 12,78% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O **capítulo VII** recolle as consignacións necesarias para facer fronte ás obrigas derivadas da actividade subvencional da entidade en materia de gastos de capital.

Neste capítulo, destacan as subvencións de capital concedidas aos concellos da provincia, no marco da cooperación municipal, cuxo importe agregado ascende a 4.734.590,64 €.

O importe total consignado no capítulo VII ascende a 5.329.390,64 €, o que representa un 5,86% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII** recolle a consignación necesaria para facer fronte ás obrigas derivadas dos anticipos concedidos ao persoal.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 300.000,00 €, o que representa un 0,33% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O **capítulo IX** recolle a consignación necesaria para facer fronte á anualidade do único préstamo vivo da entidade.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 702.200,40 €, o que representa un 0,77% con respecto ao importe total dos gastos.

2.4. PROGRAMAS DE GASTOS

Desde o punto de vista da clasificación por programas, o Orzamento da entidade para o exercicio 2023 presenta os datos seguintes:

Área de gasto	Exercicio 2023	Peso relativo
0. Débeda pública	1.031.950,40 €	1,13%
1. Servizos públicos básicos	24.385.939,27 €	26,81%
2. Actuacións de protección e promoción social	5.822.100,55 €	6,40%
3. Produción de bens públicos de carácter preferente	10.097.417,62 €	11,10%
4. Actuacións de carácter económico	30.256.267,75 €	33,26%
9. Actuacións de carácter xeral	19.376.324,41 €	21,30%
Total	90.970.000,00 €	100%



Deseguido, analízanse os aspectos máis destacables das distintas áreas de gasto do Orzamento:

- **Área de gasto 0. Débeda pública**

Esta área comprende os gastos de xuros e de amortización da Débeda Pública e demais operacións financeiras de natureza análoga, imputándose a esta área os gastos destinados a atender a carga financeira da entidade derivados do único préstamo vivo, cuxo importe de amortización anual ascende a 702.200,40 €.

O importe total consignado neste área ascende a 1.031.950,40 €, o que representa un 1,13% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Área de gasto 1. Servizos públicos básicos**

A área de gasto 1 comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, debe prestar a entidade, atendendo á súa función de cooperación e asistencia aos municipios.

Dentro de esta área, inclúense os programas de protección civil, do servizo contra incendios, do servizo de augas e medio ambiente, da EDAR San Cibrao, da unidade provincial de lixo, dos puntos limpos e plantas de transferencia, da limpeza viaria, da rede provincial de recollida de animais abandonados, do plan de cooperación e de parques e xardíns.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 24.385.939,27 €, o que representa un 26,81% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Área de gasto 2. Actuacións de protección e promoción social**

Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias destinados á acción social e ao fomento do emprego.

O importe total consignado neste capítulo ascende a 5.822.100,55 €, o que representa un 6,40% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Área de gasto 3. Producción de bens públicos de carácter preferente**

A área de gasto 3 comprende todos os gastos que realice a entidade en relación coa sanidade, educación, cultura, co lecer e o tempo libre, co deporte, e, en xeral, todos aqueles gastos tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida.

En relación coa política de gasto de sanidade, inclúense as consignacións destinadas á prevención de riscos laborais e ao termalismo.

Dentro da política de gasto de educación, cabe destacar as consignacións destinadas á UNED, á Universidade de Vigo ou ás escolas de artes e oficios.

No plano cultural, inclúense consignacións destinadas á biblioteca, ás escolas de gaitas e de danzas, á escola taller de gaitas, ao Museo Galego do Entroido, ás distintas edicións e publicacións, ao gabinete de galego, ao Centro Cultural Marcos Valcárcel, ao Teatro Principal, ao fomento de actividades culturais, recreativas e musicais, á Insua dos Poetas, ao Patrimonio Histórico Artístico, ao Pazo de Vilamarín, ou ás agrupacións corais e musicais, entre outros.

En relación co deporte, inclúense nesta área os gastos asociados ao funcionamento do Paco Paz e aos programas de promoción e fomento do deporte.

Así, o importe total consignado neste área ascende a 10.097.417,62 €, o que representa un 11,10% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Área de gasto 4. Actuacións de carácter económico**

Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias tendentes a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica, así como os gastos en infraestruturas.

Dentro desta área destacan o grupo de programa de medio rural, as políticas de gasto de industria e enerxía e comercio e, principalmente, a política de gasto de infraestruturas.

En relación con esta última, inclúense as consignacións destinadas á cooperación provincial, ás vías provinciais, ao parque móbil e de maquinaria e ao parque de fornecementos.

O importe total consignado nesta área ascende a 30.256.267,75 €, o que representa un 33,26% con respecto ao importe total dos gastos.

- **Área de gasto 9. Actuacións de carácter xeral**

Por último, na área de gasto 9 inclúense os gastos relativos a actividades que afecten, con carácter xeral, á entidade, e que consistan no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo e de soporte lóxico e técnico a toda a organización.

Dentro desta área, cabe destacar ás políticas de gasto correspondentes aos órganos de goberno, aos servizos de carácter xeral e á administración financeira e tributaria.


O importe total consignado neste capítulo ascende a 19.376.324,41 €, o que representa un 21,30% con respecto ao importe total dos gastos.

2.5. ESTADO DE INGRESOS

O **estado de ingresos** do Orzamento da DPO para o exercicio 2023 ascende a un importe global de **90.970.000,00 €**, distribuíndose nos capítulos seguintes:

Capítulo	Exercicio 2023
I. Impostos directos	5.000.000,00 €
II. Impostos indirectos	4.532.000,00 €
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.993.379,48 €
IV. Transferencias correntes	75.720.184,67 €
V. Ingresos patrimoniais	165.212,00 €
VI. Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
VII. Transferencias de capital	238.223,85 €
VIII. Activos financeiros	300.000,00 €
IX. Pasivos financeiros	0,00 €
Total	90.970.000,00 €

ESTADO DE INGRESOS



▪ Capítulo I. Impuestos directos

O **capítulo I** recolle os recursos previstos procedentes da recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas (subconcepto 17100), así como da inspección desta (subconcepto 17101), e da cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas (subconcepto 10000).

Así, tal e como se amosaba na táboa anterior, **o capítulo I do estado de ingresos ascende a un importe de 5.000.0000 €, o que representa unha porcentaxe do 5,50% sobre o total dos ingresos previstos.**

▪ Capítulo II. Impuestos indirectos

O **capítulo II** engloba unicamente as cesións do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais do Estado sobre o alcohol e bebidas derivadas, a cervexa, as labores do tabaco, os hidrocarburos e os produtos intermedios (conceptos 210 e 220).

O importe total previsto no exercicio 2023 nos conceptos do capítulo II ascende a 4.532.000,00 €, o que representa **unha porcentaxe do 4,98% sobre o total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos**

O **capítulo III** do estado de ingresos recolle os recursos previstos procedentes das distintas taxas, prezos públicos e outros ingresos a liquidar durante o exercicio (artigos 30, 32, 33, 34, 36, 38 e 39), **ascendendo o seu importe á cantidade de 4.993.379,48 €, representando o 5,49% sobre o total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O **capítulo IV** do estado de ingresos recolle as transferencias correntes procedentes do Estado, da Comunidade Autónoma, das Entidades Locais e das Mancomunidades (artigos 42, 45 e 46).

O importe total previsto neste capítulo ascende a 75.720.184,67 €, o que representa un 83,24% con respecto ao importe total dos ingresos, supoñendo, con moita diferenza, a principal vía de recursos da entidade, e destacando entre estes a participación no Fondo Complementario de Financiamento (subconcepto 42010).

- **Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

O **capítulo V** recolle os recursos previstos procedentes tanto das distintas concesións administrativas da entidade, como dos xuros de depósitos e dos dividendos pola participación en sociedades mercantís e entidades non dependentes (artigos 52, 53 e 55), **ascendendo o importe total previsto a 165.212,00 €, representando un 0,18% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais**

O **capítulo VI** recolle os produtos previstos pola venda de soares, maquinaria e vehículos (subconceptos 60000, 61300 e 61400), o cal **ascende a 21.000,00 €**, **representando o 0,02% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O **capítulo VII** recolle as transferencias de capital previstas procedentes da Comunidade Autónoma, das Entidades Locais e da Unión Europea (artigos 75, 76 e 79), **ascendendo o seu importe a 238.223,85 €**, o que supón o **0,26% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII** tan só recolle os ingresos procedentes do reintegro de anticipos concedidos ao persoal (subconcepto 83100), o cal **ascende a 300.000,00 €**, **representando o 0,33% con respecto ao importe total dos ingresos previstos.**

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O **capítulo IX non ten previsión inicial**, xa que non se prevé a obtención de recursos procedentes de pasivos financeiros.


3. MODIFICACIÓNS EN RELACIÓ N CO ORZAMENTO VIXENTE

3.1. ESTADO DE GASTOS

O estado de gastos ascende a un importe global de **90.970.000,00 €**, o que supón un incremento de **5.270.000,00 € en termos absolutos e do 6,15% en termos relativos**, respecto do estado de gastos do exercicio anterior, debido principalmente, como xa se comentou no primeiro apartado, á alza dos prezos das subministracións e da previsible suba nas retribucións dos empregados públicos.

Na táboa seguinte, recóllense as variacións cuantitativas, en termos absolutos e relativos, do estado de gastos do Orzamento do exercicio 2023, en relación co Orzamento anterior:

Capítulo	Exercicio 2023	Exercicio 2022	Variación €	Variación %
X. Gastos de persoal	35.291.531,98 €	33.602.495,94 €	1.689.036,04 €	+5,03%
XI. Gastos correntes en bens e servizos	23.010.727,34 €	20.820.013,93 €	2.190.713,41 €	+10,52%
XII. Gastos financeiros	329.750,00 €	299.996,73 €	29.753,27 €	+9,92%
XIII. Transferencias correntes	14.084.262,03 €	13.534.576,44 €	549.685,59 €	+4,06%
XIV. Fondo de continxencia	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00 €	0,00%
XV. Investimentos reais	11.622.137,61 €	10.628.562,64 €	993.574,97 €	+9,35%
XVI. Transferencias de capital	5.329.390,64 €	5.512.153,92 €	-182.763,28 €	-3,32%
XVII. Activos financeiros	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00 €	0,00%
XVIII. Pasivos financeiros	702.200,40 €	702.200,40 €	0,00 €	0,00%
Totais	90.970.000,00 €	85.700.000,00 €	5.270.000,00 €	+6,15%



Deseguido, análzanse as principais variacións en relación cos distintos capítulos do estado de gastos:

- **Capítulo I. Gastos de persoal**

No **capítulo I** do estado de gastos prevese un **incremento do 5,03%**, respecto do exercicio anterior, o cal responde basicamente a un incremento estimado do 3% das retribucións dos empregados públicos, sen prexuízo da súa confirmación na Lei de Orzamentos do Estado para o exercicio 2023, así como ao incremento das retribucións básicas en concepto de trienios dos empregados da entidade e á amortización e creación de distintos postos no cadro de persoal.

En relación coa amortización de postos, **amortízanse** os postos que quedan vacantes por xubilación a 31.12.2022, os cales se detallan deseguido:

- Persoal funcionario:
 - 4 prazas de auxiliar administrativo de administración xeral (amortízanse a cambio da creación de 2 prazas de administrativo).
 - 1 praza de programador informático.
 - 1 praza de condutor de maquinaria e vehículos especiais.
 - 1 praza de axudante de obras e servizos.

- Persoal laboral:
 - 1 praza de oficial de biblioteca.

Pola súa parte, **créanse** os postos de traballo seguintes:

- Persoal funcionario:
 - 2 prazas de administrativo de administración xeral.
 - 1 praza de técnico auxiliar informático (motivada pola necesidade de persoal cualificado no Servizo de Administración Electrónica).
 - 1 praza de técnico superior desenvolvemento rural e recursos europeos, pola transformación dunha praza de persoal indefinido.

- Persoal laboral:
 - 4 prazas de condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais.
 - 4 prazas de chófer especialista.
 - 1 praza de mecánico.
 - 1 praza de mestre da Escola de Artes, pola transformación dunha praza de persoal indefinido.

Así mesmo, modifícanse as prazas de Mestre de Gaitas (actualmente existen 5 prazas, todas do grupo C1), quedando a partires do exercicio 2023 da seguinte maneira:

- 3 prazas de mestre de gaitas, do grupo C1;
- e 2 prazas de mestre auxiliar de gaita, do grupo C2.

Ademais, dótanse as prazas de técnico especialista de recursos humanos (A2) e a praza de enxeñeiro técnico forestal (A2), pola diferenza salarial en relación cos postos de orixe (C1), ao tratarse dun proceso de promoción interna.

Por último, respecto ao persoal laboral temporal da Área de Vías e Obras, dótanse 8 mensualidades e dúas pagas extraordinarias, e non o ano completo, de 22 legoeiros, 1 axudante de maquinaria e 2 operarios sen cualificar.

▪ **Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos**

O importe consignado no **capítulo II** supón un **incremento do 10,52%**, respecto do exercicio anterior, sendo este o capítulo de gastos que sofre un maior incremento porcentual, o cal vén motivado pola suba actual dos prezos das subministracións e pola volatilidade dos prezos da enerxía.

▪ **Capítulo III. Gastos financeiros**

O importe consignado no **capítulo III** supón un **incremento do 9,92%**, respecto do exercicio anterior, o cal vén motivado pola tendencia alcista dos tipos de xuros promovida polo Banco Central Europeo.

▪ **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O importe consignado no **capítulo IV** supón un **incremento do 4,06%**, respecto do exercicio anterior, incrementando deste xeito os recursos destinados a transferencias e subvencións correntes.

▪ **Capítulo V. Fondo de continxencia**

O **capítulo V non sofre variación** en relación co Orzamento do exercicio anterior.

- **Capítulo VI. Inversións reais**

O importe consignado no **capítulo VI** supón un **incremento do 9,35%**, respecto do exercicio anterior, o que supón intensificar o esforzo inversor da entidade.

- **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O importe consignado no **capítulo VII** supón unha **variación do -3,32%**, respecto do exercicio anterior.

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII non sofre variación** en relación co Orzamento do exercicio anterior.

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**


O **capítulo IX non sofre variación** en relación co Orzamento do exercicio anterior.

3.2. ESTADO DE INGRESOS

O estado de ingresos ascende a un importe global de **90.970.000,00 €**, o que supón un incremento de **5.270.000,00 € en termos absolutos e do 6,15% en termos relativos**, respecto do estado de ingresos do exercicio anterior, debido principalmente á previsión da obtención de maiores recursos procedentes da participación nos tributos do Estado, tanto na cesión de tributos, como na participación da entidade no Fondo Complementario de Financiamento.

O dito estado de ingresos distribúese nos capítulos seguintes:

Capítulo	Exercicio 2023	Exercicio 2022	Variación €	Variación %
I. Impostos directos	5.000.000,00 €	4.550.000,00 €	450.000,00 €	+9,89%
II. Impostos indirectos	4.532.000,00 €	4.290.000,00 €	242.000,00 €	+5,64%
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	4.993.379,48 €	4.908.553,78 €	84.825,70 €	+1,73%
IV. Transferencias correntes	75.720.184,67 €	71.063.504,64 €	4.656.680,03 €	+6,55%
V. Ingresos patrimoniais	165.212,00 €	99.012,00 €	66.200,00 €	+66,86%
VI. Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €	21.000,00 €	0,00 €	0,00%
VII. Transferencias de capital	238.223,85 €	467.929,58 €	-229.705,73 €	-49,09%
VIII. Activos financeiros	300.000,00 €	300.000,00 €	0,00 €	0,00%
IX. Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%
Totais	90.970.000,00 €	85.700.000,00 €	5.270.000,00 €	+6,15 %



Deseguido, analízanse as principais variacións en relación cos distintos capítulos do estado de ingresos:

- **Capítulo I. Impostos directos**

No capítulo I, a recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas prevese cun maior importe que no exercicio 2022, ascendendo no exercicio 2023 a 2.450.000,00 €, o que supón unha variación do 16,67% respecto do exercicio anterior.

Así mesmo, prevese un incremento da cesión do imposto sobre a renda das persoas ascendendo esta no exercicio 2023 a 2.500.000,00 €, o que supón unha variación do 4,17% respecto do exercicio anterior.

Ambos incrementos veñen motivados pola execución destes ingresos no último exercicio liquidado.

Así, o importe previsto no **capítulo I** supón un **incremento do 9,89%**, respecto do exercicio anterior.

- **Capítulo II. Impostos indirectos**

O importe total previsto no exercicio 2023 nos conceptos do **capítulo II** ascende a 4.532.000,00 €, o que supón un **incremento do 5,64%** dos recursos previstos neste capítulo respecto do exercicio anterior, incremento baseado na execución destes ingresos no último exercicio liquidado, seguindo o mesmo criterio que no capítulo I.

- **Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos**

O importe previsto no **capítulo III** do estado de ingresos supón un **incremento do 1,73%**, respecto do exercicio anterior, incremento baseado novamente na execución destes ingresos no último exercicio liquidado.

- **Capítulo IV. Transferencias correntes**

O importe previsto no **capítulo IV** supón un **incremento do 6,55%**, respecto do exercicio anterior, o cal vén motivado maiormente polo importe das entregas a conta realizadas por parte do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas durante o presente exercicio en relación co Fondo Complementario de Financiamento.

- **Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

O importe previsto no **capítulo V** supón un **incremento do 66,86%** respecto do exercicio anterior.

O dito incremento vén motivado basicamente pola suba actual dos tipos de xuros promovida polo Banco Central Europeo, así como polos datos de execución dos ingresos por dividendos que se desprenden do último exercicio liquidado.

- **Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais**

O **capítulo VI non sofre variación** en relación co importe previsto inicialmente no orzamento anterior.

- **Capítulo VII. Transferencias de capital**

O importe previsto no **capítulo VII** supón unha diminución do 49,09% respecto ao exercicio anterior, a cal vén motivada basicamente na non previsión de obtención de transferencias de capital procedentes do Estado.

- **Capítulo VIII. Activos financeiros**

O **capítulo VIII non sofre variación** en relación co importe previsto inicialmente no orzamento anterior.

- **Capítulo IX. Pasivos financeiros**

O **capítulo IX non ten previsión inicial**, ao igual que no exercicio anterior, xa que non se prevé a obtención de recursos procedentes de pasivos financeiros.

3.3. BASES DE EXECUCIÓN

Como xa se sinalou no apartado 1 da memoria, as bases de execución do Orzamento, como parte integrante deste, conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente de procedementos e solemnidades específicas distintas dos previstos para o orzamento.

As bases de execución do Orzamento Xeral da entidade foron obxecto dunha profunda renovación e ampliación no exercicio 2022, co fin de adaptalas ao novo réxime de fiscalización limitada previa de requisitos básicos, aprobado polo Pleno da entidade en sesión do 28.05.2021.

Para o vindeiro exercicio 2023, as bases de execución son obxecto de modificacións puntuais, referidas principalmente á execución do Orzamento de ingresos e á introdución do novo formulario de liquidación das indemnizacións por razón de servizo e de horas extraordinarias do persoal (anexo I).

Así, as principais modificacións introducidas nas bases de execución do Orzamento para o exercicio 2023 son:

- Modifícase a base núm. 123, quedando redactada do xeito seguinte:

"BASE 123ª.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS SUBVENCIONABLES

As bases reguladoras da subvención ou, no seu defecto, o acto de concesión, determinarán a modalidade de xustificación aplicable entre as legalmente previstas: conta xustificativa, xustificación por módulos ou xustificación por presentación de estados contables.

*En ausencia de previsión ao respecto, entenderase que a modalidade de xustificación será a de presentación de **conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos, que terá carácter simplificado nas subvencións de importe inferior a 60.000 euros.***

Así mesmo, en ausencia de determinacións específicas nas bases de execución ou no acto de concesión, o contido da conta xustificativa será o establecido no artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 22 de xullo, polo que se aproba o regulamento da LXS (RD 877/2006 en adiante), con carácter xeral, e no artigo 75 do dito regulamento, no caso de subvencións de importe inferior a 60.000 euros.

*Consideraranse como **documentos de valor probatorio** no tráfico xurídico mercantil as **facturas.***

Exceptúanse do anterior aqueles gastos respecto os cales non exista obriga legal de facturar, ou ben non sexa posible a emisión de factura debido á natureza do gasto subvencionable.

Nestes supostos consideraranse como documentos de valor probatorio os seguintes:

- *No caso de **gastos de persoal, as nóminas, acompañadas dos documentos de cotización ante a Seguridade Social e o pagamento correspondente ao recibo de liquidación de cotizacións (antigo TC1), e os modelo 111 de retencións e ingresos a conta de IRPF e o seu pagamento, e/ou o modelo 190 de retencións e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), correspondentes ao período obxecto de subvención. Non se entenderán xustificadas os gastos de persoal que non veñan acompañados de tódolos documentos relacionados anteriormente.***
- *No resto de supostos, admitirase como documento acreditativo do gasto un **recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo** (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, no seu caso, **o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pagamento, e/ou o modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual), en relación cos importes retidos polo dito concepto.***

- *No caso de desprazamentos xustificados mediante recibo, deberá constar sempre o lugar de orixe e de destino, así como os días dos desprazamentos, quilómetros diarios e o prezo por quilómetro. O resto de gastos como peaxes ou comidas/ceas (que non se xustifiquen como dietas) xustificados mediante recibo, só serán admisibles se ao recibo se achega o correspondente ticket.*
- *No caso de prestación de servizos consistente en **arbitraxes** en actividades deportivas, requirirase ademais da documentación sinalada no parágrafo anterior, unha **certificación do colexio de árbitros competente**.*
- *No caso de pagamentos de **desprazamentos** de deportistas, requirirase unha **declaración xurada dos desprazamentos**, co visto e prace do presidente e secretario do club.*

*Para os **gastos de manutención, establécese unha porcentaxe máxima do 20% na xustificación.***

Non obstante, a previsión do parágrafo anterior non será de aplicación naquelas convocatorias nas que as actividades culturais ou recreativas teñan como obxecto principal a exaltación, difusión ou posta en valor de tradicións ou produtos típicos de carácter gastronómico, tales como magostos ou festas gastronómicas en xeral, ou festas tradicionais que teñan entre os elementos esenciais do seu obxecto a realización de actividades de tipo gastronómico, como é o caso do Entroido.

*Os gastos de bebidas alcohólicas de alta graduación **non serán subvencionables**. Non obstante, esta exclusión non será de aplicación aos gastos en cervexa e viño (considerados como alimento), sempre que o importe total non supere o 15% do importe xustificado.*

*Nos casos de xustificación de subvencións cuxo obxecto sexan obras nas que exista a obriga de redacción de proxecto segundo a lexislación vixente, ademais das facturas correspondentes, deberá presentarse a **certificación de execución subscrita por un facultativo competente**.*

Os documentos xustificativos presentados para a xustificación das subvencións (tales como facturas, certificacións de obras, recibos e demais documentos análogos) deberán

reunir os requisitos que estableza a normativa vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

En relación co anterior, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados como xustificación das subvencións concedidas, os beneficiarios deberán presentar no momento da xustificación o modelo de declaración de IVE, que para tal efecto se encontra dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense.

A periodicidade en relación cos documentos xustificativos será, como regra xeral, anual, agás nos supostos nos que as bases reguladoras dos concursos ou o acordo da Xunta de Goberno polo que se aproba a subvención indiquen outra periodicidade.

*Cando a contía xustificada se encontre **por debaixo do 25 % do proxecto** da subvención, esta **entenderase automaticamente como non xustificada**.*

O prazo de xustificación das subvencións se establecerá nas bases reguladoras dos propios concursos ou, no caso das subvencións nominativas, no acordo da Xunta de Goberno.

***Só serán válidos aqueles gastos cuxa data de emisión sexa igual ou anterior á data de xustificación**, salvo no suposto de prórrogas, cuxas datas dos documentos xustificativos serán igual ou anteriores á data de xustificación establecida pola prórroga.*

*As solicitudes realizadas polos beneficiarios de subvencións para cambiar a finalidade ou o beneficiario destas soamente serán admitidas na Deputación Provincial **ata o 30 de setembro**".*

- Modifícase o capítulo II do Título III “Execución do estado de ingresos”, quedando redactado do xeito seguinte:

“CAPÍTULO II.- EXECUCIÓN DO ESTADO DE INGRESOS

BASE 41ª.- RECURSOS DA ENTIDADE

De conformidade cos artigos 2 e 131 do TRLRFL, os recursos da entidade estarán constituídos por:

- a. Os ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.*
- b. Os tributos propios, clasificados en:*

- *Taxas:*

A Deputación Provincial poderá establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público provincial segundo as normas contidas na sección 3.ª do capítulo III do título I do TRLRFL, salvo o disposto no parágrafo terceiro do artigo 24.1 do dito texto legal.

Entre outras, esta deputación téñ establecida unha taxa polos servizos de publicación e inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- *Contribucións especiais:*

A Deputación Provincial poderá esixir contribucións especiais pola realización de obras ou polo establecemento ou ampliación de servizos, segundo as normas contidas na sección 4.ª do capítulo III do título I do TRLRFL.

- *Impostos:*

*En relación cos impostos, a Deputación Provincial de Ourense téñ establecida a **recarga provincial sobre o imposto sobre actividades económicas**, cuxa*

ordenanza fiscal reguladora vixente foi aprobada polo Pleno da entidade, en sesión do 14.02.2003, e publicada no BOP núm. 72, do 28.03.2003.

A dita recarga esixirase aos mesmos suxeitos pasivos e nos mesmos casos contemplados na normativa reguladora do imposto sobre actividades económicas (IAE) e consistirá nunha porcentaxe única que recaerá sobre as cotas municipais modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación, cuxo tipo impositivo figura establecido no 40% (artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora).

A xestión da recarga levarase a cabo xuntamente co imposto sobre o que recae, por parte da entidade que teña atribuída a xestión deste.

Así, de conformidade co artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora da recarga, o importe recadado en período voluntario pola entidade xestora deberase entregar a esta Deputación Provincial dentro dos dous meses seguintes a aquel no que finalice o período de recadación.

O dito importe incrementarase coas cantidades recadadas ata a data de finalización do período voluntario que non estiveram incluídas no padrón ou matrícula.

As cantidades recadas no semestre natural inmediatamente posterior ao mes no que finalice o período voluntario entregaranse dentro dos dous meses seguintes ao dito semestre.

As cantidades ingresadas fóra dos prazos sinalados producirán xuros de mora desde o día seguinte ao do vencemento do prazo de entrega e ata a data do seu ingreso.

No caso de incumprimento das obrigas anteriores por parte dunha entidade xestora, iniciarase o mecanismo establecido no artigo 131 do TRLRFL, tendente á determinación e cobramento da débeda tributaria.

En particular, solicitarase a expedición dun certificado ao titular da Intervención Local da entidade xestora, para os efectos de determinar a débeda firme polo dito concepto tributario.

No caso de persistir o incumprimento, solicitarase ao Estado a retención da débeda contraída con esta Deputación pola entidade xestora, integrada pola débeda principal máis os xuros de mora correspondentes, sobre a participación da dita entidade nos tributos do Estado.

- c. A participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, a través do Fondo Complementario de Financiamento e da cesión dos impostos directos e indirectos.*
- d. As subvencións.*
- e. Os percibidos en concepto de prezos públicos.*
- f. O produto das operacións de crédito.*
- g. O produto das multas e sancións.*
- h. As demais prestacións de dereito público.*

BASE 42ª.- RECOÑECIMENTO DE DEREITOS

O recoñecemento de dereitos supón a existencia de créditos da entidade fronte a terceiros, sendo de natureza orzamentaria cando o seu destino sexa o financiamento de gastos orzamentarios.

A imputación dos ingresos ao Orzamento levarase a cabo, con carácter xeral, tras ditarse o acto formal de recoñecemento e liquidación do dereito, sen prexuízo das regras especiais seguintes:

- *No caso de autoliquidacións e ingresos sen contraído previo, tralo ingreso destes na Tesourería provincial.*
- *No caso de transferencias e subvencións correntes e de capital, tralo seu ingreso na Tesourería provincial, salvo que o axente financiador notifique o recoñecemento da obriga correspondente con anterioridade ao ingreso ou se teña certeza do dito recoñecemento.*
- *No caso de ingresos por alleamento de inversións, trala formalización do documento público ou administrativo de venda.*
- *No caso de ingresos procedentes de activos financeiros, tras ditarse o acto de suscripción, adquisición ou concesión.*
- *No caso de ingresos procedentes de pasivos financeiros, tralo ingreso destes na Tesourería provincial.*

Os ingresos que se reciban na Tesourería provincial provenientes do Estado, da Xunta de Galicia, dos concellos ou da Unión Europea, por participacións, recargas en recursos, aportacións ou subvencións, constarán no documento contable co detalle preciso.

BASE 43ª.- PROCEDIMIENTO RECADATORIO

Con carácter xeral o procedemento recadatorio axustarase aos preceptos recollidos no Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005 en diante).

Non obstante o anterior, en virtude da autorización concedida polo artigo 198.1 do TRLRFL, dítanse as seguintes regras especiais:

1ª.- O pagamento das débedas, tributarias e non tributarias, garantías en efectivo e calquera outro pagamento a efectuar a favor da Deputación Provincial de Ourense, realizarase a través das entidades colaboradoras, directamente ou por vía telemática cando así estea establecido polo órgano provincial competente, ou mediante xiro postal nas oficinas de correos, previa obtención da correspondente carta de pagamento.

Tan só se admitirán os ingresos en efectivo nas oficinas provinciais para os tributos ou ingresos de dereito público nos que expresamente se prevea esta posibilidade.

2ª.- Os ingresos de calquera tipo, en tanto non se coñeza a súa aplicación orzamentaria, contabilizaranse como Ingresos Pendentes de Aplicación, integrándose, desde ese momento na caixa única. Unha vez se coñeza a natureza do cobro procederase a súa aplicación definitiva.

3ª.- En relación coas solicitudes de aprazamento e fraccionamento de débedas, estas deberán realizarse por escrito e conter os datos e acompañar a documentación establecida no artigo 46 do RD 939/2005, e dirixiranse ao presidente da Deputación Provincial, que será o órgano competente para a súa resolución, ou no seu caso, ao dos organismos dependentes.

En relación coas garantías esixidas e cos criterios xerais para a súa concesión, estarase ao disposto na Ordenanza fiscal xeral de xestión, inspección e recadación desta deputación provincial.

A concesión de aprazamentos ou fraccionamentos nos dereitos para cobrar orzamentarios recoñecidos que implique o traslado do vencemento do dereito a un exercicio posterior supoñerá a reclasificación de tales créditos no balance e a anulación orzamentaria destes, os cales se deberán aplicar ao orzamento en vigor no exercicio do seu novo vencemento.

BASE 44ª.- XUROS DE MORA

O xuro de mora é unha prestación accesoria que se esixirá aos obrigados tributarios e aos suxeitos infractores como consecuencia da realización dun pagamento fóra de prazo ou da presentación dunha autoliquidación ou declaración da que resulte unha cantidade para ingresar unha vez finalizado o prazo establecido para o efecto na normativa tributaria, do cobramento dunha devolución improcedente ou no resto de casos previstos na normativa tributaria.

A esixencia do xuro de mora tributario non require a previa intimación da Administración nin a concorrencia dun atraso culpable no obrigado.

O xuro de mora esixirase e calcularase conforme ao previsto no artigo 26 da LXT.

Con carácter xeral, de conformidade co artigo 72.4.b) do RD 520/2005, liquidaranse e esixiranse os xuros no momento do pagamento da débeda constrinxida.

BASE 45ª.- CUSTAS DO PROCEDIMENTO RECADATORIO

Teñen a consideración de custas do procedemento de constrinximento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. Estas custas serán esixidas ao obrigado ao pagamento.

Como custas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que necesariamente haxan de realizarse.*
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.*
- c) Os honorarios dos rexistradores e demais gastos que deban aboarse polas actuacións nos rexistros públicos.*
- d) Os que deban aboarse por depósito e administración de bens embargados.*
- e) Os demais gastos que esixa e requira a propia execución.*

BASE 46ª.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

A Deputación Provincial de Ourense devolverá os ingresos que indebidamente se realizaran na Tesourería provincial.

As causas que poden orixinar unha devolución de ingresos indebidos son:

- a. *Cando se produza unha duplicidade do pagamento de débedas tributarias ou sancións.*
- b. *Cando a cantidade pagada fora superior ao importe a ingresar, resultante dun acto administrativo ou dunha liquidación.*
- c. *Cando se ingresasen cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias unha vez transcorrido os prazos de prescrición.*
- d. *Cando así o estableza a normativa tributaria.*

Coa devolución de ingresos indebidos aboarase o xuro de mora regulado no artigo 26 da LXT, sen necesidade de que o obrigado o solicite.

Para estes efectos, o xuro de mora devindicarase desde a data en que se realizou o ingreso indebido ata a data en que se ordene o pagamento da devolución, sen que se computen as dilacións no procedemento por causa non imputable á Administración.

Cando se proceda á devolución dun ingreso indebido derivado dunha autoliquidación ingresada en varios prazos, entenderase que a cantidade devolta se ingresou no último prazo e, de non resultar cantidade suficiente, a diferenza considerárase satisfeita nos prazos inmediatamente anteriores

A devolución de ingresos indebidos axustarase ao procedemento regulado no artigo 221 da LXT, coas especialidades seguintes:

- *No procedemento de oficio, cando os datos en poder da Administración sexan suficientes para formular a proposta de resolución pola Área Xestora, o procedemento poderá iniciarse mediante a notificación da dita proposta.*
- *Se o procedemento se iniciase a instancia de parte, realizarase a comprobación das circunstancias que determinen o dereito a devolución por parte da Área xestora correspondente e ditarase a proposta de resolución correspondente, a cal lle será notificada á persoa interesada, concedéndolle un prazo de 10 días para a presentación das alegacións ou dos documentos que estime necesarios, podéndose prescindir deste trámite se a proposta de resolución se dita no mesmo sentido que a solicitude presentada.*



- *No caso de que a proposta de resolución conleve o recoñecemento dun dereito á devolución de ingresos indebidos, a dita proposta deberá ser fiscalizada previamente pola Intervención, no exercicio da función interventora.*
- *Fiscalizada favorablemente, ditarase unha resolución pola Presidencia, ou polo órgano ou persoa que teña delegada a competencia, da cal se lle dará traslado á Tesourería provincial para a tramitación da devolución correspondente.*

En relación coa imputación orzamentaria das devolucions de ingresos indebidos, estas realizarase con cargo aos conceptos de ingresos do orzamento corrente correspondentes, con independencia do momento en que se produciu o ingreso indebido, de conformidade co disposto na ICAL 2013”.

- **Modifícase o parágrafo décimo da base núm. 34, quedando redactado do xeito seguinte:**

“As facturas ou xustificantes de gastos correspondentes a gastos devindicados, autorizados e comprometidos no exercicio anterior, que teñan entrada no rexistro provincial ata o 15 de xaneiro do ano en curso e que se remitan ao Servizo de Intervención, debidamente conformadas e aprobadas polo órgano competente, ata o 25 de xaneiro do ano en curso, ambas datas incluídas, poderán imputarse ao dito exercicio”.

- Modifícase o anexo I das bases de execución, introducindo o novo formulario de liquidación das indemnizacións por razón de servizo e de horas extraordinarias do persoal, o cal se mostra deseguido:

SERVIZOS ESPECIAIS E INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO

Traballador/a:	Grupo:
Posto de traballo:	Tipo Xornada:
Relación Laboral:	Mes:
Servizo:	Tempo xantar:

Detalle de cometido, datas e horarios:

Dia	Tipo	Cometido	Km	Data	Hora Saída	Hora Chegada	Horas Día	Horas Noite	Dieta 1/2	Axuda Dieta	Axuda Alojamento
Km Totais:			0,00	Totais:		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Gasto autorizado:

0,00	Axudas de custo enteira	0,00
0,00	Axudas de custo de aloxamento	0,00
0,00	A.C. mantención	0,00
0,00	A.C. 1/2 mantención	0,00
0,00	Gastos Varios	0,00
0,00	Horas diurnas	0,00
0,00	Horas nocturnas e festivos*	0,00
0,00	Horas diurnas a compensar con vacacións	0,00
0,00	Horas nocturnas a compensar con vacacións	0,00
0,00	Quilómetros	0,00
Total días de vacacións		0,00 días
Total importe indemnización		0,00 €

CONFORME: Ourense, de de 202 de 202	COMPROBADO: Ourense, de de 202 de 202	REALIZADO O COMETIDO: Ourense, de de 202 de 202 O Traballador/a,
Asdo: O DEPUTADO DELEGADO DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL P.D. Decreto de 11 de xullo de 2019	Asdo:	Asdo:

- Por último, modifícase o anexo IV das bases, o cal recolle as subvencións nominativas para o exercicio 2023.



Ourense, na data da sinatura electrónica
O presidente da Deputación Provincial de Ourense
José Manuel Baltar Blanco